

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEAREAS

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA PREZO PÚBLICO ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE PREZOS PÚBLICOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

A Corporación Municipal, en sesión ordinaria levada a cabo o día 6 de setembro de 2022, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo público das escolas infantís municipais.

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 18 de outubro de 2022 publicouse anuncio de aprobación inicial sometendo o expediente a un período de información pública e audiencia por prazo de trinta días hábiles a contar dende o seguinte á publicación, para a presentación de reclamacións e suxestións.

Ao non terse presentado alegación ou reclamación algunha, enténdese aprobada definitivamente a modificación da Ordenanza Reguladora do Prezo Público pola prestación do servizo público das escolas infantís municipais” (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 193 de 8 de outubro de 2019; con modificación posterior publicada no BOP de Pontevedra de 19 de xaneiro de 2021), no sentido que segue:

1º) Aprobar definitivamente a SUPRESIÓN DO ARTIGO 5.3.c)

2º) Aprobar definitivamente a modificación do artigo 5.4 engadindo un apartado 5.4.c) coa seguinte redacción:

“c) Na matriculación do primeiro/a fillo/a e sucesivos/as da unidade familiar, aplicarase para estes unha bonificación do 100% do prezos público sobre o concepto de atención educativa indicados no artigo 5.1 anterior.”

3º) Esta medida económica é aplicable dende o inicio do curso 2022/2023.

Contra a aprobación definitiva da modificación da ordenanza, poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do T.S.X. de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

